



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 8
27 de agosto de 2020



CSV: BOPGDSPGDWQBuarKc7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.2. Procedementos especiais de carácter institucional

1.2.1. Investidura

■ Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 27 de agosto de 2020 relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia [491](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

■ Sesión plenaria (día 1 de setembro de 2020, ás 9:30 horas) [491](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.2. Procedementos especiais de carácter institucional

1.2.1. Investidura

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 27 de agosto de 2020 relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no punto 3 do artigo 15, establece a obriga da Presidencia do Parlamento de iniciar as correspondentes consultas coas forzas políticas representadas na Cámara co obxecto de formular a proposta dun candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

En aplicación do referido precepto e dos artigos 16 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e 136, na súa norma 1.ª, do Regulamento do Parlamento de Galicia, logo de consultar as forzas políticas con representación parlamentaria e oída a Mesa, a Presidencia proponlle á Cámara como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia ao deputado D. Alberto Núñez Feijóo.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias


A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 1 de setembro de 2020, ás 9:30 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 27 de agosto de 2020, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único.- Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

